

ESTATUTOS SOCIAIS

Sociedade cultural, recreativa e deportiva FILLOS DE OIS

G-15074305

Lg. Fontelo, 37 – Santa María de Ois

15316 Coirós – A Coruña

CAPITULO PRIMEIRO

Denominación, enderezo, fins e ámbito (artigos 1 ó 6)

CAPITULO SEGUNDO

Dos socios (artigos 7 ó 16)

CAPITULO TERCEIRO

Da Asemblea Xeral (artigos 17 ó 21)

CAPITULO CUARTO

Da Xunta Directiva (artigos 22 ó 28)

CAPITULO QUINTO

Do procedemento disciplinario (artigos 29 e 30)

CAPITULO SEXTO

Das dependencias (artigos 31 ó 33)

CAPITULO SÉTIMO

Patrimonio, Administración e réxime financeiro (artigos 34 ó 37)

CAPITULO OITAVO

Disposicións xerais (artigos 38 e 39)

CAPITULO PRIMEIRO

Nome, enderezo, fins e ámbito

Artigo 1 .- A Sociedade Cultural Recreativa e Deportiva “Fillos de Ois” constituíuse na parroquia de Santa María de Ois, do Concello de Coirós, ó amparo da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, e normas complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Artigo 2.- A S.C.R.D. “Fillos de Ois” ten o seu enderezo social no Fontelo , parroquia de Santa María de Ois, concello de Coirós, provincia de A Coruña, con código postal 15316.

Artigo 3.- O obxecto primordial da Sociedade é o de contribuír á promoción social, cultural, recreativa e deportiva, en tódalas súas facetas da parroquia de Santa María de Ois.. Así mesmo poderá a defender e promover os intereses veciñais. Un dos fins primordiais da Sociedade será a potenciación do uso e emprego da Lingua Galega. Levará a termo todo tipo de actividades encamiñadas a esta fin: reunións, asembleas, charlas, conferencias, exposicións, publicacións, festas, proxeccións, viaxes, excursións,... e calquera outra actividade análoga para acadar as fins sinaladas

Artigo 4.- Esta asociación constitúese por tempo indefinido. O ámbito elixido para o desenrolo das actividades da Sociedade é o correspondente á parroquia de Santa María de Ois, así como a súa bisbarra.

Artigo 5.- Para o cumprimento das súas fins, a Sociedade poderá mercar e posuír bens, mobles e inmobles de toda clase, enaxenalos, pignoralos, hipotecalos e gravalos, así como formalizar contratos de todo tipo.

Artigo 6.- Esta Sociedade carece de carácter relixioso e político.

CAPÍTULO SEGUNDO

Dos socios

Artigo 7.- Os socios e socias distribúense do seguinte xeito:

- a) Socio de número.
- b) Socio protector.
- c) Socio de honra.
- d) Socio xuvenil.

Artigo 8.- Poderán ser *socios e socias de número* da Sociedade todas aquelas persoas con capacidade de obrar que oportunamente soliciten o seu ingreso, estando aberta a

admisión de socios. Para ingresar coma tal deberá rechearse o folleto cos datos de afiliación que solicite a Directiva, quen terá en conta, a hora de dalo/dala de alta que sexa persoa maior de dezoito anos.

Os *socios xuvenís* poderán ser os xoves comprendidos entre 14 e 25 anos, sen ingresos económicos, e que seus pais non sexan socios de número. Pagarán a metade da cota anual e desfrutarán dos mesmos beneficios que os beneficiarios. Cando non dependan economicamente de seus pais poderán facerse socios de número sen ter que pagar cota de entrada. Os socios xuvenís figurarán nunha relación aparte. Os menores de idade precisarán o consentimento de seus pais ou titores legais. Os menores non emancipados de máis de catorce anos, co consentimento documentalmente acreditado das persoas que deban supli-la súa capacidade, poderán asistir ás asembleas con voz pero sen voto e non poderán formar parte dos órganos de goberno da asociación.

Das novas altas darase conta pola Directiva na primeira Asemblea Ordinaria.

Artigo 9.- Serán **Socios Protectores** tódalas persoas ou entidades que, polos beneficios prestados á Sociedade, lles confira esta distinción. A proposta levarase pola Xunta Directiva, en xuntanza ordinaria ou extraordinaria, ou polo menos un 5% dos socios de número.

Artigo 10.- Serán nomeados **Socios de Honra** aquelas persoas que, polos seus méritos relevantes, se fagan acreedoras de tal distinción. Este nomeamento será outorgado pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva.

Artigo 11.- Os Socios e socias terán os seguintes dereitos :

a) A ser escoitados/as e poder votar nas Asembleas.

b) A que se lles dote de carnés de beneficiarios/as á súa dona/ ó seu home e ós seus fillos menores de 18 anos, sempre e cando convivan no enderezo familiar e dependan economicamente. Cando esta circunstancia subsista despois dos 18 anos, o socio poderá solicitar da Xunta Directiva a continuidade destes beneficios. Cando os fillos e fillas acaden a independencia económica poderán causar alta como socio ou socia de número, pagando a cota anual correspondente, quedando eximidos da cota de entrada.

c) Estes mesmos dereitos contemplaranse para os orfos e orfas de pai/nai, sempre e cando un deles fose socio de número no intre do seu pasamento.

d) Tamén poderá solicitarse a condición de beneficiario/a para aquel ascendente que conviva co socio/a e non teña ingresos ou que os perciba dunha prestación asistencial. Esta circunstancia deberá xustificarse documentalmente.

e) Tódolos Socios poderán solicitar tarxeta de convidado/convidada, que valerá por un mes, para aqueles forasteiros - familiares que se atopen ocasionalmente na parroquia e sempre que non pertencen ó Concello. Esta tarxeta daralles dereito ó disfrute completo das instalacións da Sociedade, agás os festivais, para o que retirarán a oportuna invitación, ó prezo que se fixe en cada intre.

f) A solicitar Asemblea Xeral Extraordinaria sempre e cando o fagan polo menos un 10% dos asociados e indicando por escrito á Xunta Directiva o motivo da convocatoria.

g) Previa solicitude á Xunta Directiva, tódolos socios de número poderán examinar os libros de Actas e Contabilidade.

h) Os socios de honra estarán exentos do pago da cota de entrada e anual.

i) Os socios que formen parte da Xunta Directiva non pagarán cota anual mentres permanezan no seu cargo.

Artigo 12.- Os Socios terán os seguintes deberes:

a) Paga-las cotas correspondentes na cantidade e maneira que se establecen no artigo seguinte.

b) Dentro das instalacións da Sociedade, amosar sempre que algún empregado ou membro da Directiva llo solicite o carné de socio e o recibo de pago correspondente.

c) Non entrar nas instalacións da Sociedade con ningún tipo de animais.

d) Acatar e velar polo cumprimento de tódalas disposicións que veñan da Xunta Directiva, sempre que non se opoñan ó preceptuado neste regulamento.

Artigo 13.- Os asociados deberán satisfacer as seguintes cotas: de entrada e anual, na cantidade que fixe a Xunta Directiva e aprobadas pola Asemblea Xeral.

A cota anual deberá pagarse nos tres primeiros meses do ano. En todo caso un socio causará baixa se despois de ser requirido para o pago da cota anual non a fai efectiva no prazo dun mes.

En casos excepcionais e debidamente xustificados a Xunta Directiva poderá suspender temporalmente a súa cobranza ós socios que o soliciten e sempre que a situación económica da Sociedade, no momento da solicitude, permita esa concesión.

Artigo 14.- Á morte dun socio ou socia de número, o seu cónxuxe poderá pasar a tal clase de socio, pagando a cota anual establecida e quedando exento da cota de entrada.

Artigo 15.- Os Socios/as que causen baixa a petición propia, por falta de pago, sen deixar de residir dentro do ámbito desta Sociedade ou por expulsión disciplinaria e queiran reingresar na mesma, pagarán a cota de entrada que rexa.

Artigo 16.- *Incompatibilidades:* Quen reciba soldo, xornal ou estea ligado á Sociedade por contrato de servizo non poderá ser Socio da mesma, nin aproveitar dos beneficios que estes teñan recoñecidos. A Xunta Directiva, por mor dun acordo, poderá concederlle a aquelas persoas os beneficios que consideren oportunos. No caso de ser socio con anterioridade a prestar estes servizos pasará á situación de baixa temporal.

CAPITULO TERCEIRO

Da Asemblea Xeral

Artigo 17.- A Asemblea Xeral é a reunión dos socios convocados oficialmente pola Xunta Directiva, na que se expresará data, hora, lugar e obxecto da reunión. Os acordos nela adoptados, por maioría de votos, terá forza de obrigar a tódolos asociados.

Artigo 18.- *Clases de Asembleas:*

a) **Ordinaria.** Celebraranse tódolos anos, no primeiro trimestre, para a discusión e aprobación da xestión e contas do ano que renderá a Xunta Directiva, as que estarán a disposición dos socios que desexen examinalas desde a data da convocatoria. Nela discutiránse os asuntos e programas de actuación que a Xunta Directiva propoña e os que co seu debido tempo e por escrito formulen ó menos un 10% dos Socios. No mes de agosto convocarase unha asemblea xeral ordinaria na que se fará un balance do ano en curso. Nestas asembleas procederase á elección dos cargos vacantes na Xunta Directiva e incluírase na orde do día un capítulo de rogos e preguntas.

b) **Extraordinaria.** A Xunta Directiva, por si mesma, ou a petición do 10% dos Socios, convocara Asemblea Xeral Extraordinaria para a discusión de asuntos concretos, onde a resolución competa á asemblea. Nestas Asembleas só poderán ser discutidos os asuntos recolleitos na orde do día.

Artigo 19.- As *convocatorias de Asembleas* rexeráse polas seguintes normas:

A convocatoria ós socios cursaranse ó menos con 15 días de antelación á data de celebración.

Os socios no número do 5%, polo menos, que desexen presentar unha proposta para a discusión na Asemblea Ordinaria, deberán remitila por escrito á Xunta Directiva con 8 días de antelación para que poida ser incluída na orde do día de dita asemblea. (suficiente antelación)

Ámbalas dúas asembleas celebraranse en primeira e segunda convocatoria.

Na primeira convocatoria, sempre e cando os socios asistentes acaden a metade máis un, e en segunda, media hora máis tarde, calquera que sexa o número dos presentes, sendo os acordos que se acaden válidos e vinculantes.

Non poderán pasar máis de vinte días entre a data que a Xunta Directiva reciba a petición de Asemblea Xeral Extraordinaria e a celebración desta.

Artigo 20.- Réxime das Asembleas.

Para asistir ás Asembleas poderá esixirse a presentación do carné de socio e o recibo do ano en curso.

A dirección das mesmas corresponderá ó presidente, quen concederá a palabra por estrita orde ós socios que a soliciten.

O Presidente centrará as discusións no tema que se debate, coidando que as intervencións non se saian del, polo que poderá chamar a atención a quen teña este defecto, así como, no último extremo, retirarlle a palabra ó que persista nesta actitude. Esixirá que se expliquen e retiren os conceptos e frases mal soantes ou ofensivas que no curso da Asemblea puideran producirse, quedando facultado para suspende-lo debate nos casos en que estime que a súa autoridade non sexa acatada.

Todo socio no uso da palabra non poderá ser interrompido por ninguén, agás polo Presidente para os casos nomeados no parágrafo anterior.

Aberta a discusión, se ningún socio pedira a palabra en contra, terase por aprobada a proposta. Se houbera proposicións en contra, procederase á votación.

Non poden concederse máis de dous turnos en pro e dous en contra para discutir as propostas e un respectivamente para as emendas. Cando o asunto sexa de especial importancia, o Presidente, de acordo coa Asemblea, poderá conceder a ampliación de turnos.

Fóra destes turnos poderán pedir a palabra de novo para rectificar ou aclarar falsos conceptos e interpretacións ós que intervirán no debate, pero farano coa meirande brevidade, cinguíndose ós conceptos erróneos que se lles atribuíra na discusión.

No caso de alusións o aludido ou aludida poderá facer uso da palabra fóra de turno, previa autorización do Presidente.

Artigo 21.- As votacións poderán ser: por aclamación, sentados e levantados, nominalmente ou por votación secreta por papeletas.

Na elección para a renovación de cargos na Xunta Directiva cando exista máis dunha candidatura, e algún dos candidatos o solicite, constituirase unha mesa de votación. No caso de non solicitarse a votación realizarase a man alzada. A mesa estará constituída polo presidente, o secretario e os membros da xunta directiva e dous socios representantes da Asemblea, estes últimos na calidade de escrutadores, para o que anotarán nas súas respectivas listas o nome do socio/a que emite o voto, cerciorándose, antes de que emita o voto, da súa condición.

Nos casos de empate repetirase a votación entre os que resulten igualados, e de continua-la igualada, decidirá o Presidente co seu voto de calidade.

Rematado o escrutinio fixarase no taboleiro o resultado da elección, coa única expresión dos socios que resultaron elixidos.

Unha vez elixido para un cargo da Xunta Directiva, este será obrigatorio, gratuíto e honorífico, podendo ser reelixido.

Desde a data da convocatoria para a renovación da Xunta Directiva ata despois de celebrarse a elección de cargos, estará a disposición dos socios no Local Social o Libro dos Socios, ós efectos oportunos.

CAPITULO CUARTO

Da Xunta Directiva

Artigo 22.- A Xunta Directiva, encargada do goberno da Sociedade, componse de Presidente/a, Vicepresidente/a, Secretario/a, Tesoureiro/a, e tres Vocais. De non completarse tódolos membros consideraranse vacantes e poderán cubrirse en calquera asemblea.

Artigo 23.- Para ocupar calquera cargo na Xunta Directiva compre ser socio coa antigüidade dun ano.

Artigo 24.- Competencia dos membros da Xunta Directiva:

PRESIDENTE: Será o representante legal da Sociedade en tódolos actos, tanto exteriores coma interiores.

Será quen autorice os documentos que saian da Sociedade, quen contrate no seu nome, quen outorgue poderes a terceiros, quen presente reclamacións xudiciais, gubernativas e contencioso-administrativas, quen presente as accións e opoña as excepcións de toda índole perante os tribunais, etc,...

Só poderá acudir ós tribunais ordinarios no nome da Sociedade cando preceda acordo da Xunta Directiva, e nunca executará as demais accións (parágrafo anterior) sen acordo da Xunta Directiva, agás nun caso de urxencia, dando conta á Xunta Directiva na primeira sesión que se celebre, á que lle comunicará as resolucións de importancia adoptadas tendo en conta o réxime interno da Sociedade.

Correspóndelle fixa-la orde do día, abrir, dirixir e levanta-las sesións, tanto das asembleas xerais, coma da directiva, dar posesión dos seus cargos a empregados da sociedade e impor sancións e dirixir amoestacións ós empregados ou ós socios/as, dentro das súas facultades, de acordo coa Xunta Directiva.

VICEPRESIDENTE: Encargarase das seccións da Sociedade. Substituirá ó Presidente no caso de ausencia ou enfermidade e axudaráo no desempeño do seu cargo.

SECRETARIO: Elaborará a Orde do Día de acordo co Presidente para as xuntanzas xerais ordinarias, extraordinarias e da Xunta Directiva. Dará conta, nestas xuntas, das comunicacións e documentos de toda clase que deban coñecerse, publicará as votacións, levantará acta de tódalas sesións, dando conta do que aconteza nas mesmas, redactará cantos documentos saian da Xunta Directiva ou da presidencia, asinará os documentos que vaian autorizados polo presidente, ordenará e arquivará tódolos documentos relacionados coa Sociedade e expedirá as certificacións dos acordos do órgano de goberno e representación co visto e prace do Presidente.

TESOUREIRO: Recibirá e pagará as cantidades que consten nas contas e libramentos, visados polo Presidente e dos que se tomará razón. Subscribirá os recibos das cotas. Intervirá na entrada e saída de fondos, formando un balance mensual da situación para exame da Xunta Directiva, o que quedará posteriormente a disposición dos Socios na forma que indica o artigo 11.g)

Ó remate de ano fará un balance xeral do movemento de fondos para presentalo á Asemblea Xeral Ordinaria Anual, coa Memoria da Xunta Directiva.

VOCAIS: Axudaranlle ó Vicepresidente. Encargaranse dos cometidos que , por acordo da Xunta Directiva, se lles sinalen.

Artigo 25.- Xuntanzas da Xunta Directiva

- a) Cando o estime preciso o Presidente.
- b) Cando o estimen oportuno tres dos seus membros.
- c) En todo caso, unha vez ó mes.

Para que os acordos que se adopten sexan válidos será precisa a asistencia da metade máis un dos membros.

Todo membro da Xunta Directiva que, sen causa xustificada, deixe de asistir a tres sesións consecutivas ou a cinco alternas dentro do mesmo ano causará baixa no seu cargo.

Artigo 26.- Deberes da Directiva.

Fará os seus cometidos interpretando fielmente os preceptos do Regulamento da Sociedade e cumprindo cantas leis ou ordes superiores existan.

Atenderá ás reclamacións, peticións ou proposicións dos socios dándolles a solución que proceda de acordo co establecido e coas facultades que posúan.

Todo directivo/a ten a obriga de intervir en calquera incidente que xorda na Sociedade, resolvéndoo se cae dentro da súa competencia ou dando conta á Xunta Directiva para a súa resolución se non puidera facelo no mesmo momento.

Artigo 27.- Facultades da Directiva.

Aparte das regulamentarias, posuirá as seguintes:

Resolverá as dúbidas que se presenten ó aplicar o Regulamento e as cuestións que no mesmo non fosen previstas. Tomará aqueles acordos que pidan unha resolución urxente dando conta á Asemblea Xeral na primeira xunta que se celebre. Poderá nomear as comisións e ponencias que lle pete para o estudio e xestión dos asuntos que, pola súa importancia, o requiran. Estas comisións ou ponencias poderán ser de número variable e estar ou non presididas por un membro da Xunta Directiva.

Regulará as normas para os festivais, conferencias, actos, manifestacións deportivas, etc,...

Poderá ceder locais ou instalacións deportivas, sempre e cando non se entorpeza a vida cotiá da Sociedade, ós Socios ou entidades e asociacións que así o soliciten, para a celebración de Xuntas e reunións particulares. As peticións faranse por escrito, expresando o día, hora e obxecto da reunión e a persoa ou entidade que vai presidila.

Se os asuntos a tratar son compatibles cos fins da Sociedade, o Presidente autorizarao por escrito, fixando o canon a satisfacer. Autorizadas estas xuntanzas faranse públicas para coñecemento dos asociados.

Regulará o permiso ou a prohibición de xogos, de acordo coas leis.

Executará fielmente os acordos adoptados en Asemblea Xeral, sen alteralos no máis mínimo ó darlles cumprimento. Para isto faranse constar íntegras nas actas das sesións as proposicións aprobadas e as emendas admitidas. Cando calquera circunstancia allea á vontade da Xunta Directiva resulte ser imposible ou de difícil execución, convocará á Asemblea Xeral coa premura que requira a súa importancia e transcendencia para que se modifique ou se amplíe .

Dos acordos adoptados na Asemblea Xeral darase conta polo Secretario na primeira sesión que a xunta directiva celebre e procederase ó seu cumprimento.

Poderá redactar o Regulamento de réxime interno para o funcionamento da mesma, coa única salvedade de que non contradiga ós presentes Estatutos. Poderá ser modificado en calquera momento pola mesma Xunta Directiva.

Artigo 28.- Elección de cargos directivos

- a) Os cargos da Xunta Directiva serán elixidos na Asemblea Xeral de Socios.
- b) Como orientación establécese o sistema preelectoral seguinte: 15 días antes da Asemblea Xeral Ordinaria, a Xunta Directiva comunicará ós Socios que poidan presentarse ás candidaturas, tanto para a totalidade dos cargos vacantes, coma para un cargo particular. Esas candidaturas deberán ser entregadas no local social, xunto co escrito no que conste a conformidade de todos e cada un dos socios que figuren nas mesmas. Os membros da Xunta Directiva poderán presentar candidatura para a súa reelección.
- c) A Xunta Directiva, despois de cerciorarse de que os candidatos/as solicitantes cumpren tódalas condicións que establecen os Estatutos para ser Directivo, ordenará que sexa colocada a candidatura no taboleiro, en lugar visible, para o coñecemento de tódolos socios e socias. A recepción das candidaturas estará aberta ata cinco días antes da Asemblea Xeral.
- d) No caso de non haber candidaturas a Asemblea resolverá o nomeamento de novos directivos ou a reelección dos vixentes, sempre coa conformidade dos mesmos.
- e) Elixida a Xunta Directiva, os seus cargos vacarán da seguinte maneira:

*Os anos impares, o primeiro turno, formado por : Presidente, Tesoureiro e 1 vocal. Os anos pares os catro restantes. Non obstante o que antecede, se por calquera causa tivera lugar unha baixa na Xunta Directiva, esta queda facultada para nomear un sustituto/ta nas condicións regulamentarias para seguir desempeñando o cargo do que cesou, ata a celebración da primeira Asemblea Xeral Ordinaria na que se procederá á elección do novo titular. Se baixan máis de tres Directivos, convocarase Asemblea Xeral Extraordinaria.

Se a baixa fose a do Presidente, e ningún membro da Xunta Directiva quixera asumir o cargo, será mester convocar Asemblea Xeral Extraordinaria para a elección inmediata do seu substituto, a non ser que falten menos de tres meses para a celebración da Asemblea.

Os membros da Xunta Directiva cesarán por expiración do mandato, por renuncia voluntarias comunicada por escrito á Xunta Directiva ou por incumprimento das obrigas que tivera encomendadas.

CAPITULO QUINTO

Do procedemento disciplinario.

Artigo 29.- Perda da condición de Socio.

Deixando aparte a baixa por vontade propia e a baixa provisional, perderase a condición de Socio/a polas seguintes causas:

- a) Falta de pago da cota anual.
- b) Por incumprimento de acordos da asemblea xeral, por faltas graves contra as disposicións regulamentarias ou de outra orde que, a xuízo da Xunta Directiva, afecten á honorabilidade da persoa que os comete ou lesionen o bo nome da Sociedade. Os incurso neste apartado poden recorrer a este acordo perante a Asemblea Xeral. Non haberá opción de reingreso ata pasados dous anos a contar da data da separación.
- c) Por ofensa grave, de palabra e obra a un socio ou empregado nos locais da Sociedade, medie ou non a reclamación do ofendido.

Nos dous últimos casos, as resolucións irán precedidas dun expediente disciplinario, con audiencia do interesado. O instructor do expediente será de nomeamento do Presidente e o secretario a proposta do instructor. Rematado o expediente con proposta de resolución, a Xunta Directiva, decidirá sobre o mesmo. Se algún Directivo participa nos feitos motivo do expediente, non poderá formar parte da Xunta para a aprobación, nin de outra relacionada con tal expediente.

Artigo 30.- *Suspensión dos dereitos de socio.*

Os socios/as poderán ser suspendidos dos seus dereitos de disfute da Sociedade coa obriga seguir pagando as súas cotas durante un tempo non inferior a 15 días nin superior a tres meses, polas seguintes causas, previo acordo da Xunta Directiva:

- a) Os feitos que se citan nos apartados b) e c) do artigo 29, cando non sexan cualificados coma graves.
- b) Por presta-lo carné de socio a outra persoa.
- c) Por non garda-la debida compostura en todo momento ou dicir frases injuriosas, sempre e cando vaia precedida da oportuna chamada de orde e o aludido reincida.

A segunda sanción non será inferior a mes e medio e á terceira será a expulsión.

As sancións de suspensión serán inapelables.

CAPITULO SEXTO

Das dependencias

Artigo 31.- O Persoal empregado para o servizo da Sociedade constituírao o que este necesario a Xunta Directiva e sempre que as posibilidades orzamentarias o permitan. Calquera vacante ou aumento que se produza no persoal empregado deberá ser cuberto mediante concurso de méritos convocado publicamente.

Artigo 32.- As xornadas de traballo, os soldos e as condicións laborais ateranse ó estipulado polas leis. As obrigas do persoal, segundo as súas categorías, rexiranse ademais polo Regulamento de Réxime interno.

Artigo 33.- En canto ás faltas cometidas polos empregados, os socios limitaranse a poñelas en coñecemento da Xunta Directiva para a súa corrección ou sanción, se procede.

CAPITULO SÉTIMO

Patrimonio, administración e réxime financeiro.

Artigo 34.- O Patrimonio que posúe a Sociedade está formado polo Local Social e as parcelas número 591 e 590 da Zona de Concentración Parcelaria de Santiago e Santa María de Ois, onde está construído o palco para as festas, co baixo correspondente e o asadeiro anexo.

Artigo 35.- A Administración da Sociedade “Fillos de Ois” queda confiada á Xunta Directiva, quen se suxeitará no seu exercicio ós acordos da Asemblea Xeral.

Artigo 36.- Os presupostos constitúen a norma económica da Sociedade e deberán ser aprobados pola Asemblea Xeral. O presuposto é variable segundo o exercicio económico. O exercicio económico pecharase a 31 de decembro de cada ano e del darase conta na Asemblea xeral ordinaria que se convocará no primeiro trimestre do ano seguinte segundo o disposto no artigo 18.a.

Artigo 37.- *Son recursos da Sociedade:*

*O importe das cotas sociais, amortización, obras, etc., que satisfacerán os socios.

*Os importes de actividades sociais, que determinen obriga de pago por parte dos socios.

*Os donativos, herdanzas, legados e subvencións que recibira a Sociedade dos Socios, entidades ou simpatizantes.

*O importe de calquera cota que acordase a Asemblea Xeral.

CAPITULO OITAVO

Disposicións Xerais

Artigo 38.- Para reformar este Regulamento, total ou parcialmente, será preciso que se aprobe na Asemblea Xeral e se someta á súa aprobación a outra posterior de carácter extraordinario, convocada ó efecto.

Artigo 39.- Esta Sociedade non poderá disolverse agás o acordo dos 2/3 dos socios de número, aprobada en Asemblea Xeral Extraordinaria. No caso de disolución, formularase o inventario de canto posúa.

De existir débedas ou obrigas, reservarase o mobiliario ou outros enseres para a súa cancelación.

O edificio e todo o remanente, despois de liquidadas tódalas débedas, pasará a outra asociación da parroquia de Santa María de Ois non lucrativa inscrita no Rexistro e que teña uns fins similares.

Santa María de Ois, maio de 2004